I.- LIÑAS PROGRAMÁTICAS DA ACTUACIÓN DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, dende o inicio do seu mandato, foi consciente da necesidade de que se leve a cabo unha reforma substancial da Administración de Xustiza, de modo que sexa capaz de proporcionarlle á sociedade a tutela xudicial efectiva que a Constitución recoñece como dereito fundamental. E este órgano constitucional non pode manterse á marxe.

A sociedade española avanzou en complexidade e isto leva consigo unha maior esixencia na prestación dos seus servizos públicos. O progreso social só é posible dende a seguridade xurídica. Por tanto, é inaprazable que o Consello, con pleno respecto ás competencias e responsabilidades doutros poderes do Estado, impulse o diálogo co Goberno e coas Comunidades Autónomas a fin de abordar definitivamente esa reforma global da Xustiza, constatada a insatisfacción da cidadanía e dos que a serven e administran.

O noso compromiso institucional esixe que o órgano de goberno do Poder Xudicial diagnostique todas as deficiencias estruturais e formule as propostas para a súa mellora e modernización. Por tanto, o Consello considera ineludibles afrontar as **seguintes prioridades**:

1. **En relación coas competencias propias do Consello Xeral do Poder Xudicial**:

1.1 **Selección e perfeccionamento de xuíces e maxistrados**. Nesta materia trabállase por unha mellora do proceso de selección e da formación dos membros da Carreira Xudicial.

1.2 **Optimización da actividade xudicial**. A tal fin, xa se reorientou o traballo do Servizo de Inspección cara ao diagnóstico de problemas e a proposta de solucións, procurando a detección precoz daqueles e a inmediata actuación sobre os órganos xudiciais afectados. Dita tarefa debe fundamentarse nunha fiable e actualizada estatística, con subministracións de datos en tempo real.

1.3 **Estatuto da Carreira Xudicial**. Cómpre manter o esforzo en dotar da maior transparencia e obxectividade a provisión de destinos e os nomeamentos discrecionais, así como promover a presenza equilibrada de homes e mulleres nos postos de responsabilidade.

Debe abordarse un programa de adecuación das prestacións sociais á enorme responsabilidade de Xuíces e Maxistrados, regulando, entre outros, aspectos tan importantes como a necesaria conciliación da vida laboral e familiar, unha ampla cobertura de seguros médicos e de responsabilidade civil, un sistema de prevención de riscos laborais, unha mellora das condicións da xubilación e do réxime das vacacións.

1.4 **Potenciación e axilización dos mecanismos de comunicación dos órganos gobernativos co Consello**. Isto mediante a aplicación das novas tecnoloxías.

2. **En coordinación co Parlamento, o Ministerio de Xustiza e as Comunidades Autónomas:**

2.1 **Implantación xeneralizada da Nova Oficina Xudicial acompañada da necesaria dotación de medios materiais e persoais.** O Consello considera necesario acadar unha nova organización e optimización dos recursos da Administración de Xustiza, coa formación de funcionarios en xestión e organización, a creación de bolsas de interinos especializados, o fomento de incentivos profesionais e a implantación xeneralizada de novas tecnoloxías con programas informáticos, compatibles e interconectados entre si.

2.2 **Reestruturación da Planta e Demarcación xudicial**. O actual deseño da Planta e Demarcación xudicial quedou obsoleto. A distribución da carga de traballo entre órganos xudiciais é moi desigual, o que provoca consecuencias negativas para os cidadáns e para os propios xuíces e maxistrados. Cómpre establecer un novo mapa xudicial adaptado ás necesidades reais dunha sociedade do século XXI.

2.3 **Reformas lexislativas procesuais**. O Consello defende a adecuación das normas procesuais actualmente en vigor ao novo marco da Oficina Xudicial. Tamén considera necesarias as reformas dirixidas á axilización e racionalización dos procedementos xudiciais, fundamentalmente no ámbito penal, así como reformas legais destinadas a configurar novas fórmulas para a resolución de conflitos.

2.4 **Potenciar as relacións coas Comunidades Autónomas**. É prioritario para este Consello reforzar as relacións coas Comunidades Autónomas ao considerar que teñen un papel relevante na reforma e mellora da Administración de Xustiza. Impulsará o desenvolvemento do establecido no punto oitavo dos eixes do Plan de Modernización referido á organización territorial do Estado, co fin de adecuar a Administración de Xustiza ao novo mapa autonómico, garantindo sempre os dereitos lingüísticos dos cidadáns nas Comunidades Autónomas con linguas oficiais propias.

3. **En relación coa sociedade: Unha Xustiza transparente e próxima ao cidadán.**

O Consello ten dúas liñas de traballo:

3.1. **A potenciación da Unidade de Atención á Cidadanía**: Por unha banda, como vía de conexión real e práctica con calquera cidadán preocupado ou implicado en asuntos xudiciais, a través do tratamento das súas suxestións, queixas e reclamacións, e, pola outra, intensificando a formación que se presta en técnicas de atención ao cidadán a Xuíces, Fiscais, Secretarios, Médicos forenses e funcionarios

3.2. **Un novo deseño da súa política de comunicación**: As accións de Comunicación que emanen do CXPX centraranse en destacar o importante papel que desempeñan xuíces e maxistrados e en transmitir aos cidadáns a realidade da Administración de Xustiza. Trátase de abordar unha política activa de Comunicación para conseguir que o poder xudicial sexa un poder máis transparente, próximo e comprensible para os cidadáns. Todas as actuacións nesta materia rexeranse sempre baixo os principios de: transparencia, veracidade, calidade, axilidade e publicidade.

II.-ACTIVIDADE DO CONSELLO DURANTE O SEU PRIMEIRO ANO DE MANDATO.

1.-En relación coas competencias propias do Consello Xeral do Poder Xudicial

A) COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente, que leva o día a día da xestión do Consello, celebrou no primeiro ano do seu mandato 76 reunións e adoptou **4.328** acordos.

A maior parte destes acordos, que ademais **se adoptaron na súa práctica totalidade por unanimidade**, un **64%**, están referidos a cuestións relacionadas con medidas de reforzo dos órganos xudiciais, comisións de servizo, nomeamentos, promocións, licencias e permisos e actuacións do servizo de inspección.

Nunha destas materias, o traslado forzoso por ascenso de categoría, adoptouse o criterio de paralizar os concursos de traslado que deberían terse promovido neste ano, sendo conscientes da tramitación parlamentaria da reforma da lei orgánica do poder xudicial, que prevía a supresión destes traslados e que está en vigor dende o día 5 de novembro.

Ademais, en materia de dereitos estatutarios da carreira xudicial (licencias e permisos), e co fin de dotar de seguridade xurídica ás peticións habidas neste ano, fóronse establecendo e homologando criterios que, sen desatender as situacións excepcionais que se producen, sirvan para o tratamento homoxéneo das diversas situacións, sobre todo naquelas que permiten un certo grao de discrecionalidade.

Un **24%** dos acordos da Comisión Permanente estiveron relacionados con **convenios** que se subscribiron con diferentes entidades e institucións e con cuestións formuladas por cidadáns, asociacións e outras entidades públicas e privadas.

E, finalmente, un **12%** dos acordos versaron sobre cuestións relativas aos recursos interpostos contra resolucións do CXPX ou os órganos de goberno interno de xulgados e tribunais.

Nesta materia de recursos tamén se fixo un esforzo de normalización e axilización na resolución, establecendo vías de información sobre datos estatísticos e de contido das propostas de resolución, dende o respecto escrupuloso á iniciativa dos relatores e do órgano chamado a resolver os recursos, que é o Pleno.

B) COMISIÓN DE CUALIFICACIÓN

A Comisión de Cualificación é o órgano encargado de formular propostas ao Pleno en 1) materia de nomeamentos, 2) de recoñecemento do mérito no coñecemento de linguas cooficiais ou o dereito civil especial ou foral para a provisión de vacantes, 3) de designación de xuíces e maxistrados para formar parte de tribunais cualificadores e 4) de informar as propostas de premios, distincións ou condecoracións aos membros da carreira xudicial.

- Nomeamentos

a) De cargos xudiciais

En materia de nomeamentos de carácter discrecional, estamos traballando nun proxecto de Regulamento para a provisión de cargos xudiciais, a punto de ser elevado a Pleno á redacción destas liñas.

Mentres tanto, adoptamos unha iniciativa para formar mellor a convicción dos membros da Comisión de Cualificación en prol da idoneidade dos aspirantes á praza a cubrir.

Esta iniciativa consiste en invitar a unha comparecencia ante dita Comisión (con asistencia dos demais membros do Consello que desexen acudir) aos Maxistrados e Maxistradas aspirantes para expoñer o seu curriculum e, no seu caso, o proxecto ou programa de actuación presentado xunto coas súas solicitudes.

En todo este período transcorrido, esta iniciativa afianzouse e perfeccionouse e como tal incorporouse ao proxecto de Regulamento. Concretamente, neste primeiro ano de funcionamento do CXPX, a Comisión elaborou:

- 40 propostas para a provisión de prazas de competencia gobernativa ou mixta gobernativa e xurisdicional (Presidencia da Audiencia Nacional, Presidencias de Tribunais Superiores Xustiza, Presidencias de Sala e Presidencias de Audiencias Provinciais)

- 9 propostas para prazas de competencia exclusivamente xurisdicional (Maxistrados/as do Tribunal Supremo, e de Tribunais Superiores de Xustiza.

b) De cargos técnicos no CXPX

No ámbito dos nomeamentos internos de persoal do propio Consello tamén xeneralizamos a celebración de comparecencias que non se levaban a efecto anteriormente. As propostas concretas para estes nomeamentos foron 17.

c) Maxistrados suplentes e Xuíces substitutos.

Dada a complexidade e enorme actividade que comporta tanto no CXPX como nas Salas de Goberno dos Tribunais Superiores de Xustiza (aproximadamente recíbense unhas 5.000 solicitudes), elaborouse unha modificación do Regulamento da Carreira Xudicial, a fin de introducir a posibilidade de prórroga anual destes nomeamentos cun máximo de dúas prórrogas e previo informe de idoneidade das Salas de Goberno.

Entre os dous procedementos existentes para o nomeamento de Maxistrados suplentes e Xuíces substitutos (concurso público e procedemento de urxencia) foron nomeados 36 maxistrados eméritos, 317 suplentes e 1.279 xuíces substitutos.

- Recoñecemento de méritos

En materia de coñecemento das linguas cooficiais ou de dereito civil especial ou foral, como mérito preferente para a provisión de vacantes examináronse 180 peticións de membros

da carreira xudicial (41 sobre coñecemento do idioma e 139 sobre coñecemento de dereito especial ou foral) e 25 peticións de alumnos da Escola Xudicial.

- Premios, distincións ou condecoracións aos membros da carreira xudicial.

Un ano máis convocouse o "Premio Rafael Martínez Emperador" e efectuáronse as correspondentes propostas ao Ministerio de Xustiza para a concesión, a varios Maxistrados, da Cruz de San Raimundo de Peñafort.

C) COMISIÓN DISCIPLINARIA

As principais actuacións realizadas en materia disciplinaria desagréganse do seguinte xeito:

2.364	informacións previas
140	dilixencias informativas
32	expedientes disciplinarios

Estas cifras dan conta por si soas da intensa actividade que despregou o Consello nesta materia.

Respecto aos expedientes incoados, en 15 casos arquiváronse sen sanción e nos 17 restantes, impúxose ou, no seu caso, eleváronse ao Pleno con proposta, os seguintes:

- 9 por falta moi grave, que levan aparelladas suspensión de emprego e soldo nun abano de tempo que oscila entre 1 e 18 meses, traslado forzoso ou multa.

- 11 por faltas graves, sancionadas con multas, que van dende os 300 euros aos 6.000 euros.

- 2 advertencias.

Producíronse neste período 220 sentencias da Sala Terceira do Tribunal Supremo, en relación cos recursos contencioso-administrativos interpostos contra actuacións da propia Comisión, das que só 9 foron estimatorias, o que vén a validar a actuación da Comisión Disciplinaria nesta materia.

D) INSPECCIÓN XUDICIAL

Pola súa relación coa actividade disciplinaria do Consello, aínda que é moito máis ampla, queremos referirnos ao esforzo que se abordou para a reorganización e reestruturación do Servizo de Inspección. Destacamos as seguintes medidas:

- Reforzouse a Xefatura do Servizo e reorganizado o número e composición das Unidades Inspectoras, primando dous criterios: a orde xurisdicional e a territorialidade. Creáronse, ademais, unha coordinación territorial por cada Comunidade Autónoma e outra para cada xurisdición.

- Contémplase unha nova configuración da Sección de Informes, con obxecto de axilizar a resolución de queixas e denuncias e facilitar o fluxo de información a cuxo fin todas as Unidades Inspectoras tramitan e resolven as mesmas.

- Creouse unha nova Unidade Inspectora para o seguimento dos plans de urxencia que se adopten, reforzándose a coordinación coa Comisión de Modernización e Informática.

- Iniciáronse os trámites para a creación dunha praza de técnico de prevención de riscos laborais que apoie a actividade inspectora nesta materia.

Polo que se refire ao programa de visitas a realizar polo Servizo de Inspección, o criterio que rexeu para a selección dos órganos a inspeccionar, foi a situación concreta en que se encontran, dándose preferencia aos que teñen maior sobrecarga de traballo e tempos de pendencia superiores.

Estase a revisar a Guía de Criterios para a realización de inspeccións, co obxectivo de facer máis eficaz e homoxénea a actividade inspectora.

Estase a desenvolver un traballo conxunto entre a Inspección e a sección de Estatística para conseguir levar a efecto inspeccións remotas, por medios informáticos.

Os estudios máis importantes que se levaron a cabo pola Inspección foron, por unha banda, a medición de cargas de traballo asumibles por xulgados e tribunais. Actualmente, estase a revisar o modelo proposto.

Por outra banda, elaboráronse estudios específicos sobre a problemática da xurisdición contencioso administrativa e social, así como dos xulgados penais de executorias. Finalmente concluíuse un estudio relativo á prevención de riscos laborais tanto na actividade de Xuíces e Maxistrados como na do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

E) COMISIÓN DE IGUALDADE

En materia de Igualdade entre homes e mulleres na carreira xudicial, as actividades máis destacables desenvolvéronse a impulso da Comisión de Igualdade do Consello, comisión con rango legal creada pola L.O. 3/2007 para a igualdade efectiva de homes e mulleres, e son:

- Implantar a transversalidade da Comisión de Igualdade en toda a actividade do Consello, facendo efectiva a incorporación da dimensión de xénero en cada unha das súas actuacións.

- Aprobación do documento para o emprego dunha linguaxe non sexista, difundido ás presidencias dos TSX e publicado na Web do Consello.

- Emisión de informes de impacto de xénero sobre modificacións regulamentarias da carreira xudicial e outras actuacións xudiciais.

- Seguimento e impulso dos temas de conciliación vida familiar-profesional.

- Impulso en materia lexislativa no relativo á regulación dos permisos e licencias; a efectos de ampliar a tres anos a reserva de praza e cómputo de antigüidade na excedencia voluntaria por coidado de fillo menor ou familiar; e a efectos de supresión do ascenso forzoso.

- Seguimento e análise dos datos sobre representación da muller nas distintas categorías da Carreira Xudicial e nas políticas de nomeamentos discrecionais e responsabilidades gobernativas ou de xestión na Carreira Xudicial.

- Estudio da oportunidade de incluír nos Presupostos do Consello o correspondente informe de impacto de xénero.

- Supervisión e seguimento dos Cursos en materia de igualdade.

- Creación dunha base de datos de colaboradoras docentes, a efectos de incentivar a presenza de mulleres como directoras ou relatoras dos cursos.

- Propostas de formación en materia de xénero e contidos da Lei de Igualdade destinadas ao persoal ao servizo do Consello

- Creación dun espazo Web en materia de Igualdade.

F) ESCOLA XUDICIAL

No desenvolvemento das competencias orgánicas relativas á selección e formación dos membros da Carreira Xudicial as tres áreas nas que se desprega a súa estrutura e actividade son: formación inicial, formación continua e selección.

Formación inicial

Neste período desenvólvese o proceso formativo das promocións 60 e 61 da carreira xudicial.

- Como novidade, respecto ao plan docente anterior, reforzáronse os contidos relativos á instrución dos delitos contra o medio ambiente, a violencia doméstica e de xénero e a criminalística.

- Por primeira vez se estableceron uns informes de seguimento periódico dos xuíces en prácticas, co fin de introducir maior rigor na evolución que seguen durante as súas prácticas tuteladas.

- Outra ferramenta pedagóxica nova foi a creación do foro de prácticas tuteladas na extranet de Escola xudicial, de obrigatoria participación. O seu obxectivo básico é o debate

aberto entre xuíces en prácticas, titores e profesores sobre cuestións civís e penais que se suscitaron no curso das prácticas tuteladas.

- Na área de relacións externas e institucionais da Escola potenciouse o Programa Aula Iberoamericana e as actividades da Rede Europea de Formación Xudicial.

Formación continua

- O concepto de formación permanente, entendido como unha acción global, tende a romper cos conceptos tradicionais en materia de formación, por tanto, o actual Consello, dende a súa toma de posesión, propúxose o reto de crear un novo modelo de formación continua da Carreira Xudicial.

- Como exemplo mencionaremos o esencial protagonismo que se deu aos problemas de interpretación, de argumentación ou de ética xurídica, xunto á obriga de impartir unha formación específica relativa á igualdade e non discriminación por razón de sexo e sobre violencia de xénero, así como á formación a distancia en Dereito Comunitario e en idiomas.

- Profundouse na esixencia de elevados estándares de calidade en todo o proceso formativo, axustando a oferta formativa ás necesidades reais da carreira xudicial.

- Impulsouse a incorporación aos plans de formación doutros profesionais do mundo do dereito (fiscalía, avogacía, universidade, notariado, etc.), que entendemos enriquece a bagaxe da actividade xurisdicional co achegamento didáctico e práctico doutras áreas e profesionais.

- Abundouse tamén en que a selección para a dirección e impartición de relatorios estea rexida por criterios obxectivos e transparentes que respondan a perfís estritamente docentes, como a cualificación e idoneidade profesional.

- Preténdese tamén garantir a conciliación da vida profesional e familiar coas actividades formativas, dotando de maior flexibilidade a celebración e reedición de cursos.

Selección

- Polo que se refire á selección de xuíces, culminouse o procedemento de ingreso de 135 novos alumnos na Escola Xudicial, correspondentes á 61ª Promoción, e 74 novos alumnos no Centro de Estudios Xurídicos, correspondentes á 49ª Promoción.

- Paralelamente, iniciouse un novo proceso de selección para a provisión de 220 prazas de alumnos da Escola Xudicial, para o seu posterior acceso á Carreira Xudicial pola categoría de Xuíz e 150 prazas de alumnos do Centro de Estudios Xurídicos, para o seu posterior ingreso na Carreira Fiscal pola categoría de Avogado Fiscal.

- Dentro desta convocatoria, e como novidades, cómpre salientar a nova configuración da quenda para persoas con discapacidade, e a dispensa de realización do segundo exercicio na próxima convocatoria, para aquelas persoas que superasen a nota promediada do exercicio ou do tribunal.

- E en materia de promoción e especialización de maxistrados, desenvolveuse o procedemento polo que se convocan probas de especialización para Xulgados do mercantil.

G) ESTUDIOS E INFORMES

Corresponde ao Consello, a través da súa Comisión de Estudios e Informes, a redacción das iniciativas e propostas normativas que o Consello Xeral acorde formular, así como a preparación dos informes que este órgano deba emitir sobre os anteproxectos de leis e outras disposicións de carácter xeral.

Tamén e competencia desta Comisión a elaboración daqueles proxectos de Regulamento que deba aprobar o Consello Xeral e a realización de todos os estudios xurídicos en relación coas consultas formuladas polos órganos xudiciais ou gobernativos e por outras autoridades ou institucións e a elaboración das propostas de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial nas reclamacións de responsabilidade patrimonial, instados por funcionamento anormal da Administración de Xustiza .

Informes elaborados

26 sobre anteproxectos ou proxectos de leis e outras disposicións de carácter xeral (16 estatais e 10 autonómicos);

relativos a propostas regulamentarias;

5 sobre consultas formuladas polos órganos xudiciais ou gobernativos e por outras autoridades ou institucións; e

98 de responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal da Administración de Xustiza (a metade deles foron favorables).

Destacables:

Algúns destes informes sobre anteproxectos de lei foron os seguintes:

- Sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Sobre reforma do Código Penal.
- Sobre saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- Sobre reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.

Proxectos Regulamentarios:

- Proxecto de reforma do regulamento 1/2005, de 15 de setembro, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais e proxecto de instrución sobre normas para o rexistro de asuntos nos sistemas de xestión procesual.
- Modificación do Regulamento 1/1995, de 7 de xuño, da Carreira xudicial, no relativo a permisos e licencias aos efectos da súa equiparación legal cos funcionarios públicos.(Acordo de 23 de decembro de 2008, do Pleno do CXPX)
- Modificación do Regulamento 1/1995, da Carreira Xudicial, referido á regulación do ascenso forzoso.
- Regulamento sobre provisión de prazas de nomeamento discrecional.

H) RELACIÓNS INTERNACIONAIS

O Consello, representado polos seus Vocais e órganos técnicos, ou ben por xuíces e maxistrados designados ao efecto, levou a cabo unha intensa actividade de relacións internacionais, tanto nas institucións nas que está representado, coma nos grupos de traballo nos que participa, así como en consultorías, convencións, reunións, cumios, visitas protocolarias e outros eventos de carácter xudicial.

Entre estas actividades institucionais cómpre salientar a participación do Consello no Cumio Xudicial Iberoamericano, no que asume a Secretaría Permanente, e na Rede Europea de Consellos de Xustiza, na que formamos parte tanto do Consello Executivo como do Comité de Dirección, así como dos distintos grupos de traballo.

En materia de auxilio xudicial internacional, pódese destacar:

- A prestación dunhas 25 asistencias mensuais de media a outros tantos órganos xurisdicionais, predominando os asuntos penais sobre os civís.

- O traballo na Rede Xudicial Europea, na Rede Europea Civil e Mercantil e na IberRed.

- A continuación do traballo levado a cabo pola REJUE, no que, como froito destacado, se elaborou e implantou o novo prontuario interactivo de auxilio xudicial internacional.

- A posta en marcha da Rede Española de Expertos en Dereito da Unión Europea (REDUE) como apoio técnico ás necesidades dos xuíces e maxistrados en todo o relativo a este ámbito xurídico.

- A avaliación levada a efecto sobre a eficiencia do auxilio, no que se detectaron determinadas deficiencias, especialmente no que se refire á eficacia das comisións rogatorias para o branqueo e criminalidade organizada.

- O desprazamento de xuíces de instrución para a práctica de comisións rogatorias e para reunións de coordinación en EUROJUST.

2.- En relación co obxectivo de colaborar co Ministerio de Xustiza e as Comunidades Autónomas para levar a cabo unha actuación conxunta e coherente de reforma substancial da Administración de Xustiza:

A) MODERNIZACIÓN E INFORMÁTICA

- Plan de modernización da Xustiza:

- Elaborado a partir das liñas prioritarias do Plan de Actuación Inmediata para a mellora da Xustiza aprobado polo novo Consello.

- Desenvolvemento das medidas do plan nun traballo conxunto levado a cabo con todos os axentes que interveñen nel: Ministerio, Comunidades, resto de órganos do Consello, Tribunais Superiores de Xustiza e Xuíces Decanos.

- Nova oficina xudicial:

- Participación nos grupos de traballo constituídos con Ministerio e Comunidades para a súa implantación

- Regulamento de Homoxeneización de Servizos Comúns Procesuais Xerais, que teñen funcións de rexistro e reparto, de actos de comunicación e de auxilio xudicial.

- Planta e demarcación xudicial

Traballos e estudios elaborados:

- Agrupación territorial de xulgados para o coñecemento de asuntos relativos á Familia e á Capacidade das Persoas.

- Especialización dos Xulgados do Penal en materia de violencia sobre a muller, a iniciativa do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero.

- Sobre a creación dos Xuíces de Adscrición Territorial, finalmente incluídos na nova Lei complementaria da implantación da nova oficina xudicial.

- Aplicación das novas tecnoloxías (e-xustiza)

- Utilización xeneralizada de programas e aplicacións informáticos, mediante unha reforma regulamentaria dos Aspectos Accesorios das Actuacións Xudiciais e unha Instrución sobre normas para o rexistro de asuntos nos sistemas de xestión procesual.

- Convenio de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, o Consello e a Fiscalía Xeral do Estado para o establecemento do Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade no ámbito da Administración de Xustiza, ao que poderán adherirse as CCAA.

- Mellora do Punto Neutro Xudicial, aumentando o catálogo de servizos que se prestan aos órganos xudiciais.

- Implantación paulatina do Sistema de xestión gobernativa dos Tribunais Superiores de Xustiza, para a tramitación dixital dos expedientes, reunións e acordos das Salas de Goberno.

- En colaboración co Ministerio de Xustiza e das CCAA, traballouse na introdución de alertas, nos sistemas informáticos de órganos con competencias en violencia de xénero, sobre actos procesuais que afecten á seguridade das vítimas.

- No ámbito da estatística xudicial traballouse no seo da Comisión Nacional da Estatística Xudicial, para a mellora dos instrumentos estatísticos en termos de homoxeneización e subministración de datos en tempo real.

B) MEDIDAS DE REFORZO DOS ÓRGANOS XUDICIAIS

*** XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

Os datos da estatística xudicial arroxaban un crecemento extraordinario dos recursos contencioso-administrativos ante as Salas dos TSX. Este aumento da carga motivou un plan de urxencia singular para esta xurisdición, consistente nun reforzo de máis de 50 maxistrados.

Leváronse a cabo numerosas reunións cos titulares dos órganos desta xurisdición para detectar deficiencias ou anomalías e propoñer as medidas organizativas adecuadas para corrixilas.

De todas esas reunións obtivéronse unha serie de conclusións encamiñadas ao intercambio de “boas prácticas” na xestión e competencias das Salas, en relación co rexistro de

asuntos, a mellora dos sistema de xestión e a colaboración externa con outras Administracións, central ou autonómica.

*** ORDE XURISDICIONAL SOCIAL**

Co fin de paliar, na medida do posible, os efectos que a crise económica e financeira está producindo nestes órganos, cun aumento moi significativo da entrada de asuntos e a conseguinte repercusión negativa na tutela efectiva dos dereitos dos traballadores, polas dilacións que se están producindo ou poidan producirse, o Consello aprobou un Plan ou medida extraordinaria de reforzo á xurisdicional social, cuxas liñas de actuación principais foron:

- Están afectados o 57% dos Xulgados do Social, de 11 comunidades autónomas, que é onde se concentra a maior pendencia.
- O reforzo farase co nomeamento de 31 maxistrados e xuíces substitutos de reforzo e con comisións de servizo sen relevo de funcións.
- A medida de reforzo terá unha duración de 6 meses e comezará nuns casos o 1 de novembro e noutros farao o 1 de xaneiro.
- O obxecto da medida consiste na celebración de xuízos e ditado da resolución definitiva en procedementos por despido e, subsidiariamente, podería facerse extensivo ás reclamacións de cantidade relacionadas con despedimentos e a outras materias preferentes para os intereses dos traballadores.

*** ORDE MERCANTIL**

O crecemento exponencial da entrada de asuntos de natureza mercantil nos Xulgados de dita orde e nos de primeira instancia con competencia mercantil motivou a elaboración dun plan especifico de apoio aos mencionados órganos, constituído por un conxunto de medidas de carácter transversal e adaptadas ás diferentes situacións e problemática que presentaban. Neste sentido cabe destacar:

- a creación de novas unidades xudiciais con competencia exclusiva e excluínte na orde mercantil: impulsouse a constitución e dotación de Xulgados do Mercantil, ata un total de 40 a data 1 de xaneiro de 2009 e aos que se engadiron outros 15 órganos ao longo do presente ano, anticipando a posta en funcionamento de 9 unidades entre os meses de abril e xullo debido ás necesidades existentes;

- a constitución de Xulgados bis, mediante a duplicación da unidade xudicial preexistente, con Xuíz, Secretario e funcionarios;

- a designación de Xuíces de reforzo, quer en comisión de servizo con ou sen relevo de funcións, quer procedentes do réxime de substitución;

- a proposta ás Administracións con competencias na materia de reforzos de cadro de persoal consistentes en incorporación de novos funcionarios e prolongacións de xornada laboral;

- a constitución de servizos comúns xerais para os Xulgados do Mercantil; e,

- o deseño e desenvolvemento de protocolos de tramitación e actos de comunicación.

As medidas expostas afectaron ao 95% dos Xulgados do Mercantil e ao 50% dos Xulgados con competencia compartida (144 medidas en menos dun ano), cun resultado moi positivo que permitiu ofrecer unha tutela xudicial efectiva a pesar do inxente incremento da carga de traballo que representaron os concursos necesarios e voluntarios, tanto no que concirne ao seu número como á súa importancia e repercusións laboral e económica.

Precisamente o éxito do referido plan especial de reforzo deu lugar á elaboración dun segundo plan, actualmente case ultimado e que previsiblemente se aprobará no mes de decembre próximo

Ademais, potenciouse a especialidade na orde mercantil a través de dúas vías:

- a previsión de convocatoria anual de prazas ata garantir a cobertura adecuada da planta; e

- o impulso de reformas lexislativas tendente á clarificación do acceso á segunda instancia.

3.- En relación coa sociedade: Unha Xustiza transparente e próxima ao cidadán.

1.- MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

Aínda que o Proxecto de Mediación Intraxudicial nas súas dúas liñas de traballo: Penal e Civil familiar, xa se puxo en marcha durante o mandato anterior, no Plan de Modernización da Xustiza aprobado polo Consello, na súa nova etapa, inclúese unha referencia específica á mediación civil e penal como un instrumento eficaz na resolución de conflitos encardinado dentro do propio proceso. Este eixo concreto do Plan enmárcase nun conxunto de reformas orgánicas e procesuais que o Consello proponse impulsar para dar solucións máis áxiles á Xustiza.

Algunhas das medidas que se están levando a cabo son:

- Creación dun espazo sobre Mediación Civil e Penal na Extranet de Xuíces e Maxistrados, así como na Web aberta ao público en xeral, que contén a información e materiais dispoñibles, os protocolos de actuación, os órganos xudiciais participantes no programa mediador, convocatorias, conclusións de seminarios e xornadas, etc.

- Posta en marcha dunha base de datos e un sistema de recollida de información dos asuntos civís e penais que se están derivando a mediación polos distintos órganos xudiciais.

  - Aínda que a finais de ano disporemos dunha panorámica xeral do movemento de expedientes, así como do seu modo de finalización con ou sen acordo, dos tipos de infraccións e da duración dos procesos, **podemos adiantar que nestes momentos hai 133 xulgados incorporados ao programa de mediación penal e 71 ao de mediación civil** e que as comunidades máis avanzadas nesta materia son as de Cataluña e País Vasco.

- Estase promovendo a sinatura de convenios con distintas administracións territoriais, para a infraestrutura e apoio dos servizos de mediación no seu ámbito xeográfico, que fagan posible esta ferramenta complementaria na resolución de conflitos, dentro dos procesos xudiciais.

2.- OBSERVATORIO CONTRA A VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO

As principais actuacións levadas a cabo polo Observatorio foron:

- Informe sobre situación de medios materiais e humanos nos xulgados de violencia contra a muller.
- Participación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a muller.
- Divulgación dos datos estatísticos sobre a actividade dos órganos xudiciais que teñen competencia nesta materia.
- Mantemento dun Foro virtual para a comunicación e intercambio de criterios entre os titulares dos órganos xudiciais.
- Reunións e traballos co Grupo de Expertas/os nesta materia, para analizar as sentencias ditadas polos Tribunais de Xurado e polas Audiencias Provinciais, para preparar o primeiro estudio sobre aplicación da Lei Integral polos tribunais españois.
- Impulso en materia lexislativa en dous ámbitos:

  - a creación de xulgados especializados en violencia sobre a muller que agruparan dous ou máis partidos xudiciais;
  - a formación obrigatoria en violencia de xénero para os que accedan á titularidade deses xulgados.

3.- ATENCIÓN Á CIDADANÍA

Dende primeiros de xaneiro do ano en curso, presentáronse 11.839 escritos de reclamacións, queixas e suxestións por parte dos cidadáns.

Na comparativa con anos anteriores e cos datos actuais, advírtese unha tendencia decrecente no número global de reclamacións.

O 75% das reclamacións refírense ao funcionamento dos xulgados e tribunais; o 13% por desconformidade coa resolución xudicial; o 7% presenta asuntos alleos á Administración de Xustiza ou inclasificables e o 5% restante son peticións de información, suxestións de mellora ou agradecementos pola atención recibida.

Dos motivos que afectan directamente ao funcionamento dos Xulgados e Tribunais, cabe destacar que case a metade (o 46%) se refiren aos Rexistros Civís.

Seguindo os criterios da Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, os maiores números de reclamacións recibidas correspondería aos seguintes dereitos:

- a unha xustiza atenta, cun 44% dos escritos;
- a unha xustiza áxil e tecnoloxicamente avanzada, que inclúe ao 43% dos escritos de queixa; e, a moita distancia,
- dereito a unha xustiza transparente, co 8% de escritos.

En conxunto, estes tres dereitos reúnen o 95% das reclamacións que afectan ao contido da “Carta”.

4.- COMUNICACIÓN

Dúas foron as notas que informan a política de comunicación do Consello: a transparencia e o achegamento á sociedade.

Para isto, aprobamos un Plan Marco de Comunicación, cuxa finalidade última é que os españois valoren positivamente a realidade xudicial e a labor positiva que desempeñan xuíces e maxistrados.

Potenciáronse os Gabinetes de Comunicación dos TSX e acordouse con diversas Asociacións da Prensa a posibilidade de incorporar a bolseiros en ditos gabinetes.

Encóntranse moi avanzados os traballos de deseño da nova Web do Consello, proxecto impulsado e desenvolto polo seu CENTRO DE DOCUMENTACIÓN XUDICIAL .

Para os próximos meses levarase a cabo un plan de comunicación co lema “A Xustiza, ao teu servizo”, que inclúe diversas actuacións.

Non queremos deixar de sinalar que toda esta actividade despregada polo Consello no seu primeiro ano de mandato ten como escenario orzamentario unha primeira actuación que foi a redefinición dos obxectivos orzamentarios para 2009, promovendo a utilización de prácticas austeras na súa execución.

Nesta liña, o proxecto de orzamento para 2010 elaborouse a partir da necesidade de xustificar as dotacións orzamentarias en función dos obxectivos a alcanzar por cada Servizo, prescindindo de criterios puramente incrementalistas e sen perder de vista a necesaria austeridade que aconsella a actual situación económica.

A execución do Orzamento de 2009, a 15 de setembro pasado, era do 74%.

Neste período adxudicáronse un total de 41 contratos, por un importe total de case 7 millóns de euros.

Destes, paga a pena destacar o esforzo orzamentario que supuxo a posta en marcha dunha nova aplicación para os membros da Carreira Xudicial que é a nova base de datos de Lexislación e Xurisprudencia, deseñada e desenvolta polo CENDOJ, valiosa ferramenta técnica de axuda ao servizo da tarefa xurisdicional.

Cremos que chegou o momento da Xustiza. O Consello é consciente de que non se poden resolver nuns anos as deficiencias acumuladas durante décadas, pero é imprescindible dotar á Administración de Xustiza dos recursos necesarios para situala no século XXI e convertela nun poder máis transparente e próximo aos cidadáns.